

Un corazón novo do trinque

Un achégase a Compostela como quen se achega ao milagre.

No outono de 1927, Cunqueiro chega a Santiago de Compostela para estudar Filosofía e Letras, carreira que nunca chegará a rematar. A cidade marcará o seu primeiro período de formación. Francisco Fernández del Riego comentou que “a súa



Cunqueiro visto por Carlos Maside

verdadeira Universidade viñeron ser os libros que lle emprestaban os amigos, as tertulias do café Español [e] as reunións [cos] intelectuais e artistas daquela hora”. Cunqueiro toma contacto co galeguismo e faise un nome no mundo cultural galego como poeta vangardista, asociado ao surrealismo e ao neotrobadorismo, conferenciante ocasional e colaborador en prensa.

A primeira metade dos anos trinta foi unha etapa fecunda, non en van Rafael Dieste a describiu como “un tempo de entusiasmo”. Cunqueiro participa en numerosas iniciativas culturais en Compostela e en Mondoñedo. Alí funda, xunto co poeta Aquilino Iglesia Alvariño e o debuxante Bernardo Vidarte, a Oficina Lirica do Leste Galego, que edita as revistas *Frol de Diversos*, *Galiza* e *Papel de Color*, e dirixe a editorial Un.

Proxectos da Oficina Lirica do Leste Galego



Rúa do Vilar (fotografía de Ksado)

“Nos meus anos de mocidade, nunha tasca da rúa da Raíña, coa taza de ribeiro na man e o suave lentor vivaz doutras na mente, pensei máis dunha vez que podía escribir de Compostela, e dicir as súas maravillas coma ninguén”.

El pasajero en Galicia, 1989



En Santiago coñece a Luís Seoane, ilustrador dos seus poemarios da preguerra: *Mar ao norte* (Editorial Nós, 1932), *Cantiga nova que se chama riveira* (Resol, 1933), *Poemas do si e non* (Editorial Un, 1933) e *Soma de caridades* (Edicións Cuco-Rei, 1977)



En Compostela, Cunqueiro relaciónase con Francisco Fernández del Riego, a quen xa coñecía, por ser este orixinario de Vilanova de Lourenzá, vila próxima a Mondoñedo, e co poeta ferrolán Ricardo Carballo Calero



As páxinas do semanario mindoniense *Vallibria* acollen os primeiros traballos dun Álvaro Cunqueiro adolescente




En 1931 Cunqueiro ingresa no Partido Galeguista e en 1936 colabora na campaña a prol do Estatuto de Autonomía. En vésperas do plebiscito escribe: “Que se me escoite hoxe falar da miña Patria, cujos muros gardo e cuia lei defendo como calquera. No tocante ao que unha Patria pide aos seus, ése ou non se é. Eu quero ser e... con ser, sendo, estando, cumpro a primeira das miñas obrigas galegas”

Da facilidade de Cunqueiro para as letras dá conta esta lembranza de Gonzalo Torrente Ballester:

“Unha tarde, nunha taberna, en tanto estabamos a beber e a discutir, Álvaro foise para un recuncho e, en tres ou catro horas, escribiu dunha sentada o libro. Non é que llo oise recitar, é que llo vin escribir completo”.

Cunqueiro coñeceu a Ánxel Casal, dono da Editorial Nós, na tertulia do café Español

Luís Seoane, *Parladoiro na Editorial Nós*, ca. 1930





No niño novo do vento | Cen anos con Álvaro Cunqueiro | 1911-2011

Boca. ¡Que hourizonte entrañado
e que ollada matinal!

—Dibuxo: campesiños ledos—

¡Que xusta marea

e que xusto pinar!

Peitos —témpanos— en celestial enredo.

¿Homes?

Mozas. Vans remoidos i-outa cibdá.

Nota:

¡Que teitos outos, que cibdá tan crara!

Somas de craridades —poemas provisionaes, 1932